

Traballar baixo o mar.

Cando un barco se avaría

¿Quén busca, solda, corta e repara baixo a liña de flotación dun buque?

¿Quén rescata o que quedou dun naufraxio?

Sempre houbo persoas que se atreveron a ir alá onde había un problema, por lonxe, alto ou fondo que estivera.

Durante moito tempo, os equipos de mergullo eran rudimentarios. Pezas metálicas, parafusos e torcas; sen velcros nin cremalleiras, os mergulladores, cun aspecto a medio camiño entre Frankenstein e cabaleiro de fortuna, mergullábanse con riscos mal calculados e co oficio ben aprendido.

Sempre unidos a terra por cordóns umbilicais que nutren e protexen.

Oficios nacidos da Armada. Traballos milimetrados e co tempo na contra, ensaiados con disciplina militar.

Os mergulladores cortan e soldan baixo o mar. Técnicas case que de alquimia que permiten usar o lume baixo a auga, onde se perde o arriba e o abaixo, e o “vai moito tempo”.

E aínda que os traxes e os aparatos cambiaran e o fagan todo ben máis doado, a profesión de mergullador está lonxe de ser sinxela e cómoda.

A soidade do fondo do mar pode ser unha vocación ou unha maldición.

Para o coñecer hai que pasar ao outro lado de espello. Os futuros mergulladores practican en simuladores as situacións máis difíciles e extremas. Non hai outro xeito de aprender.

Sempre hai alguén arriba vixiando: que chegue o aire, que o mergullador estea ben, que se atope o que se esta a procurar,... pero o certo é que aló abaixo, no traballo real, estarán sos e os imprevistos poden ser moitos.

Este traballo require técnica e coñecementos, pero tamén tempero; unha mestura de calma e axilidade mental; ímpetu e prudencia nas doses xustas. Diso depende que o seu traballo sexa eficiente, pero tamén a súa seguridade e, en moitos casos, a súa vida.

Todo comeza fóra da auga.

As torretas de mergullo permiten mergullarse a saturación. Na superficie, o mergullador entra na torreta, na que se provoca unha presión igual á que haberá na profundidade de inmersión á que deba chegar. A torreta baixa, o mergullador realiza o seu traballo e, cando remate, poderá voltar á cápsula sen ter que facer descompresión.

En traballos a grande profundidade e de longa duración, estes métodos supoñen un grande avance en canto á eficacia e seguridade dos mergulladores; pero non son todo.

O mergullador profesional ocúpase dos problemas doutros: barcos, plataformas petrolíferas, pontes, gasoductos, rescates, naufraxios... Nada diso pode saír mal.

A escuridade, a soidade e o silencio sobrecolledor non se apoderan destes homes na auga, pero non se esquecen ao saír.